

Calo Merece Máis!



Eloi Devesa
candidato á Alcaldía

Darí Segade
candidata de Calo

Juan Conde
candidato de Calo

Calo

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, é unha causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

Ante isto, desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade. Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Calo...

- ▶ Prestaremos especial atención á procura dunha solución definitiva para a Canteira.
- ▶ Promoveremos un proxecto para a recuperación e mantemento da carballeira de Francos, en perigo real de desaparición; para a posta en valor do cruceiro e do antigo cine de Osebe; e para deseñar un roteiro en Río Tinto.
- ▶ Revisaremos a ubicación dos contedores á entrada de Francos e buscaremos a maneira de evitar que alí onde se sitúen semelle un punto limpo no que a veceñanza acumule todo tipo de lixo.
- ▶ Investiremos no saneamento do regato e dos sumidoiros próximos á estación de Renfe.
- ▶ Promoveremos o acondicionamento e a mellora da Fonte do Carballal, do lavadoiro que está indo para Solláns, da senda peonil que vai dende o Carballal ao Gadis de A Grela de Calo e a canalización en Vilaverde .
- ▶ Demandaremos á Deputación que atenda a construción de badéns ou dunha rotonda para aliviar o impacto do exceso de tráfico na zona de entrada a Calo; así como a mellora das pistas de Francos e a humanización e consideración da Casalonga como zona urbana.
- ▶ Promoveremos que as persoas propietarias de casas abandonadas se fagan cargo da limpeza das mesmas para evitar pragas.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Calo avance** con Teo.

Máis Concellos BNG!

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaiamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apunteades ao reto.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

CALO